

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30


A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de xuño de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o Informe sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia (doc. núm. 20737, 10/PPLC-000007)

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 11880 (10/PNC-001188)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de retirar da base de Vilanova o helicóptero de loita contra incendios do Barco de Valdeorras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 149, do 20.07.2017
- 2.2 28502 (10/PNC-002245)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no proxecto de reforma da estrada comarcal PO-403 e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018
- 2.3 29279 (10/PNC-002323)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre o acordo que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa modificación puntual nº 7 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Curtis, publicada no "Diario Oficial de Galicia" do 27 de marzo de 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018
- 2.4 29491 (10/PNC-002349)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego, no marco do Plan de transporte metropolitano público de Galicia, da creación dunha autoridade única de transporte metropolitano para a planificación, coordinación e xestión do servizo de transporte de viaxeiros na cidade e no conxunto da Área Metropolitana da Coruña, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018

- 2.5 29958 (10/PNC-002399)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego, a través de Portos de Galicia e tras o remate do período estival, dos proxectos correspondentes ao acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó, no concello de Poio, segundo os convenios asinados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018
- 2.6 30709 (10/PNC-002467)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 8 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Vigo en relación coa humanización da avenida de Castrelos, no treito inicial da estrada PO-330, ou, se é o caso, a actuación que debe levar a cabo ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018
- 2.7 31007 (10/PNC-002496)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reiteradas situacións de colapso que se veñen producindo na autoestrada AP-9, o custo que supoñen para as persoas usuarias e o rescate da concesión, así como a demanda que debe realizar ao Ministerio de Fomento respecto da suba das peaxes para o ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018

Marta Nóvoa Iglesias
Presidenta en funcións

Asinado dixitalmente por:

Marta Novoa Iglesias na data 06/06/2018 13:22:09

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

| | |
|-----------------------|----|
| Presidente | |
| Jaime Castiñeira Broz | P |
| Vicepresidenta | |
| Marta Nóvoa Iglesias | P |
| Secretario | |
| Antón Sánchez García | EM |

Vogais

| | |
|-------------------------------------|-----|
| Xosé Luís Bará Torres | BNG |
| Marcos Cal Ogando | EM |
| Raúl Fernández Fernández | S |
| Martín Fernández Prado | P |
| Jacobo Moreira Ferro | P |
| María Luisa Pierres López | S |
| María Julia Rodríguez Barreira | P |
| Gonzalo Trenor López | P |
| Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna | P |

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Designación da Ponencia encargada da elaboración do Informe sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia (doc. núm. 20737, 10/PPLC-000007)

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 11880(10/PNC-001188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación coa decisión de retirar da base de Vilanova o
helicóptero de loita contra incendios do Barco de Valdeorras

Publicación da iniciativa, 149, 20.07.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 12:41
Nº Rexistro: 11880
Data envío: 07/07/2017 12:41:35.626

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás motivacións do goberno galego de retirar o helicóptero de incendios do Barco de Valdeorras da base de Vilanova.

O Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de que a Xunta de Galiza tomara e executara a decisión de retirar o dispositivo dun helicóptero de incendios da base de Vilanova no Barco de Valdeorras (distrito XIII) inutilizando unha base operativa desde o ano 1992 e na que se investiu diñeiro público ao longo destas décadas e que fica agora pechada para o seu uso.

Cómpre ter en conta que, tal e como ten indicado esta organización, a provincia de Ourense e as súas comarcas orientais contan con especificidades climáticas e tamén contextuais (alto índice de abandono do rural, despoboamento, dificultades de conexión, etc) que agravan a súa sobreexposición á incidencia de lumes. Así mesmo, cómpre ter en conta que as comarcas próximas á base de Vilanova teñen dúas condicións que deben condicionar a política de prevención e extinción de incendios. Dunha banda, a grande complexidade xeográfica, con altas serras, diferenzas de altitude, dificultades de acceso, vales difíciles de sortear, etc, en suma unha orografía complexa para intervenir. Por outra parte, conteñen no seu territorio espazos naturais teoricamente protexidos (parque natural, rede natura, zonas ZEPA, etc) que dan conta da riqueza biolóxica natural e



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 12:41
Nº Rexistro: 11880

Data envío: 07/07/2017 12:41:35.626

animal da contorna e fan máis necesaria a súa protección pois os datos poden ser e son irreparábeis en moitas ocasións, como lamentabelmente xa se ten experimentado.

Así mesmo, cómpre recordar que a provincia de Ourense no 2016 concentrou máis da metade das 22.000 hectáreas ardidadas no total e que concentrou a metade dos grandes incendios forestais superiores a 500 hectáreas. O oriente ourensá é unha das zonas máis castigadas nos últimos anos e a resposta da Xunta é precarizar máis aos traballadores, adiar a concreción do Pladiga case a xullo, non adiantar o funcionamento pleno do dispositivo malia a desestacionalización dos lumes e a alta incidencia no inverno 2016-2017, etc. A todo isto, vén de sumarse unha alteración dos medios materiais de por si insuficiente, como é o caso da dispoñibilidade dun helicóptero na base do Barco de Valdeorras.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que non é razoábel e que ademais a Xunta de Galiza ten que esclarecer os motivos e a situación da base así como as decisións e medidas que anteriormente tomara ou non tomara o organismo para garantir as condicións de funcionamento e operatividade así como de seguridade para os traballadores e traballadoras e para a salvagarda do material.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1. Rectificar a súa decisión de retirar o helicóptero de incendios do Barco de Valdeorras da base de Vilanova e a levar a cabo todas as xestións posíbeis para que sexa posíbel o seu mantemento en condicións axeitadas de funcionamento.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 12:41
Nº Rexistro: 11880
Data envío: 07/07/2017 12:41:35.626

2. Elaborar un informe sobre as condicións e actuacións levadas a cabo na base de Vilanova para garantir a súa operatividade e as razóns para decidir a retirada deste medio aéreo. O informe será enviado e presentado tanto aos traballadores e traballadoras dos dispositivos de prevención e extinción de incendio como á comisión correspondente do Parlamento Galego.”

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/07/2017 12:39:25

Olalla Rodil Fernández na data 07/07/2017 12:39:29



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 12:41
Nº Rexistro: 11880
Data envío: 07/07/2017 12:41:35.626

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/07/2017 12:39:36

María Montserrat Prado Cores na data 07/07/2017 12:39:40

Xosé Luis Bará Torres na data 07/07/2017 12:39:41

Ana Pontón Mondelo na data 07/07/2017 12:39:44

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 28502(10/PNC-002245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego
no proxecto de reforma da estrada comarcal PO-403 e as
actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28502
Data envío: 26/03/2018 17:14:45.773

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á reforma integral da PO-403.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ten previsto levar a cabo un proxecto de mellora parcial da estrada comarcal PO 403, un vial que ten moitos problemas de seguranza viaria e accesibilidade, especialmente en Angoares, desde a apertura da A-52 fai 20 anos. Cómpre ter en conta que se trata dunha estrada con unha intensidade media diaria de máis de 10.000 vehículos/día, que atravesa unha zona con unha elevada densidade residencial, clasificada como solo urbano e de núcleo nun treito moi significativo do percorrido.

O proxecto presentado polo goberno galego ten importantes carencias conceptuais e técnicas: non responde ás necesidades dos núcleos de Angoares e Moreira, non resolve os principais problemas do treito, non contempla a continuidade das beirarrúas, non resolve axeitadamente a conexión co viario municipal, non cumpre a normativa de accesibilidade, non prevé a mellora do alumeado, etc.

Así mesmo, este proxecto tampouco resolve as necesidades do núcleo urbano de Pontearreas, que é atravesado pola PO-403. A Avenida Castelao, sendo a zona con maior



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28502
Data envío: 26/03/2018 17:14:45.773

densidade de poboación do núcleo urbano, carece a día de hoxe de beirarrúas en moitos dos seus tramos.

Tanto a veciñanza como o goberno e a corporación municipal de Pontearreas consideran necesario introducir importantes melloras no proxecto, para que se realice unha actuación integral de mellora da seguranza viaria, da mobilidade peonil e da accesibilidade.

Asemade, cómpre que a Xunta de Galiza cumpra os seus compromisos e elabore o proxecto de circunvalación previsto no convenio asinado en 2015, para que posteriormente o Ministerio de Fomento execute o vial de conexión do centro urbano de Pontearreas co enlace da autovía en Moreira.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Modificar o proxecto de reforma da estrada comarcal PO 403 incluíndo as melloras demandadas polo concello de Pontearreas e pola veciñanza de Angoares e Moreira, nomeadamente as seguintes actuacións:

- Completar os percorridos peonís en ambas marxes.
- Cumprir a normativa de accesibilidade nos largos das beirarrúas ou sendas e nos pasos de peóns.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28502
Data envío: 26/03/2018 17:14:45.773

- Darlle continuidade á actuación até a parroquia de Moreira na outra marxe da A-52, incluíndo unha beirarrúa ou senda á altura do paso baixo a autovía (núcleo de Requeixo, Amarela e Macadín).

- Incluir en todo o percorrido a mellora do alumeadado público.

- Establecer medidas de redución efectiva da velocidade nos treitos rectos e de pendente.

- Mellorar e ampliar as zonas de pasos de peóns.

- Estudar en todo o treito medidas de mellora da accesibilidade e da conectividade co resto do viario transversal.

2. Dotar de beirarrúas á PO-403 ao seu paso polo núcleo urbano de Pontearreas, nos tramos da Avenida Castelao que carecen delas.

3. Licitación, no primeiro semestre de 2018, o proxecto de circunvalación previsto no convenio asinado no ano 2015 pola Xunta de Galiza, o Ministerio de Fomento e o concello de Pontearreas.”

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28502
Data envío: 26/03/2018 17:14:45.773

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/03/2018 17:03:37

María Montserrat Prado Cores na data 26/03/2018 17:03:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/03/2018 17:03:50

Olalla Rodil Fernández na data 26/03/2018 17:03:51

Noa Presas Bergantiños na data 26/03/2018 17:03:52

Ana Pontón Mondelo na data 26/03/2018 17:04:02

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 29279(10/PNC-002323)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre o acordo que debe adoptar a Xunta de Galicia en
relación coa modificación puntual nº 7 do Plan xeral de
ordenación municipal do Concello de Curtis, publicada no
"Diario Oficial de Galicia" do 27 de marzo de 2018

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 2.ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A mediados de febreiro, a Xunta de Galicia autorizou a creación dunha planta de biomasa en Curtis que se espera que estea operativa en abril de 2020. A instalación tería unha potencia de 49 MW e xeraría 375,7GWh anuais, segundo os datos do propio Goberno, o que a convertería na planta de biomasa máis grande do noso territorio. O seu custe, 113 millóns de euros, correría a cargo de Greenalia, unha empresa que comezou a súa andadura no sector forestal e que agora traballa tamén no sector enerxético.

Acerca disto, o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) xa advertiu que a planta de biomasa precisaría de grandes cultivos enerxéticos formados, principalmente, por especies alóctonas, como o eucalipto, e por especies invasoras como a mimosa, a acacia de madeira negra ou a falsa acacia. Tales cultivos terían que ser traballados recorrendo a grandes cantidades de abonos, auga e pesticidas, o que, xunto cos ciclos de corta reducidos de tres ou catro anos, remataría por estragar o chan e eliminar a súa fertilidade.

Precisamente en base á futura necesidade de materia prima, o alcalde xustificou a necesidade de aprobar unha modificación puntual no PXOM de Curtis, e así, o 16 de marzo do presente ano, o pleno da Corporación de Curtis aprobou dita



modificación puntual, mudando as categorías de solo rústico presentes no plan xeral de ordenación municipal.

Dita modificación elimina todo o solo rústico de especial protección agropecuaria, para favorecer o cambio de uso de moitos deses solos que pasarán a ser solo rústico de protección ordinaria.

Isto sucede nun concello e nunha comarca cunha presenza importante do sector lácteo, e cunhas explotacións que precisan, moitas delas, incrementar a súa base territorial.

Os solos con aptitude agronómica deben de ser un valor a conservar nun país onde xa 2 de cada 3 has é superficie forestal e onde o sector gandeiro ten que camiñar cara un modelo de alimentación menos dependente da importación de piensos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a denegar a Modificación Puntual Nº 7 do PXOM do Concello de Curtis publicada no DOGA de 27 de marzo de 2018, https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180327/AnuncioL132-210318-0002_es.html, por non respectar a protección de aqueles solos que teñen aptitude agronómica, e por prexudicar a sustentabilidade do sector gandeiro e agrario?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29279
Data envío: 11/04/2018 19:35:40.898



Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 11/04/2018 19:34:17

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 29491(10/PNC-002349)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego, no marco do Plan de transporte metropolitano público de Galicia, da creación dunha autoridade única de transporte metropolitano para a planificación, coordinación e xestión do servizo de transporte de viaxeiros na cidade e no conxunto da Área Metropolitana da Coruña, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Juan Manuel Díaz Villoslada e Raúl Fernández Fernández, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A Coruña e a súa comarca necesita dunha posición conxunta con respecto ao futuro da construción da área metropolitana da Coruña. A área metropolitana é unha realidade como fenómeno innegable necesario para mellorar o futuro do benestar dos cidadáns dunha comarca con influencia sobre 450.000 persoas e primeira zona económica de Galicia.

As solucións metropolitanas deben ter como centro da súa actuación á cidadanía que vive, traballa e se despraza por unha área sen distinción de límites administrativos, da que demanda servizos máis eficientes e económicos, sen distinción da Administración local ou autonómica que llelos presta. Por iso o lóxico proceso, despois dunha declaración de intencións cuxo fin é un desenvolvemento posterior normativo, debe ir dando pasos con medidas concretas que articulen servizos de carácter metropolitano e que axuden a visibilizar entre a cidadanía os beneficios do traballo conxunto entre as súas administracións máis próximas, os concellos.

O froito dese espírito de construción do metropolitano xa se manifestou no Concello da Coruña coa articulación de servizos de ámbito supramunicipal como o da auga potable desde Emalcsa, a depuración de augas desde a EDAR de Bens e o tratamento de lixo desde Nostián. Aprobouse tamén nun pleno do Concello, o documento coñecido como a Declaración de María Pita, como elemento inspirador dos pasos a dar na construción da área metropolitana.

Ao mesmo tempo o modelo elixido propuxo, un territorio concreto de área metropolitana que pensamos sería conveniente reformular, polo menos para determinados servizos a consorciar, como sería o da mobilidade. Na actualidade súmanse ao proceso o Concello da Coruña e os oito concellos que conforman o Consorcio das Mariñas (Betanzos, Sada, Carral, Abegondo, Bergondo, Oleiros, Cambre e Culleredo). Está ausente do proceso o concello de Arteixo e outros tres



Grupo Parlamentario

concellos que pensamos deberían de incorporarse ás propostas de traballo do novo ente, para dotalo de novas fortalezas e oportunidades, como son Cerceda, Laracha e Carballo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

De cara a facilitar o proceso queremos dar pasos e ofrecer á cidadanía solucións inmediatas que a día de hoxe se saben técnica e economicamente viables, que foron postas en práctica noutras cidades de España e que mellorarían claramente a súa calidade de vida, como é a que afecta á mobilidade.

Na cidade da Coruña xestiónanse cada ano cerca de 21 millóns de viaxes pola actual concesionaria do transporte urbano. Complementariamente interactúan coa cidade uns 6.000.000 de traxectos en bus de tipo metropolitano. Os cambios recentes nas liñas metropolitanas que entran pola cidade non reduciron os 100.000 coches que cada día entran na cidade desde a área de influencia e non se incrementaran os usuarios que utilizan o transporte metropolitano.

A todo iso súmaselle que os accesos á cidade e ás súas conexións coa área están sufrindo importantes atrasos no seu desenvolvemento e necesaria actualización, como a reforma de Lavedra, a construción do Viario 18, a ampliación da Ponte da Pasaxe, a reforma da Nacional VI, a construción da intermodal ou a liberación de terreos no porto interior para articular novas solucións de mobilidade.

É ademais un momento oportuno para avanzar na mobilidade metropolitana porque no ano 2019 vencen gran parte das concesións de transporte metropolitano que interactúan coa cidade e sería o momento de reformularas no novo escenario.

Os Socialistas propoñemos a constitución dun consorcio ou autoridade metropolitana de transporte como primeiro ente metropolitano, cuxa principal misión será coordinar e xestionar o servizo de transporte de viaxeiros no conxunto dos concellos da área, reunindo baixo unha soa autoridade administrativa a responsabilidade da xestión da mobilidade por estrada de carácter urbana, periurbana e interurbana.



Grupo Parlamentario

Entendemos que a cidadanía ten todo o dereito a recibir das administracións os servizos de maior calidade e eficiencia, prestados con eficacia e xestionados de forma transparente. Este é o espírito que debe guiar o traballo político institucional.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º Impulsar, no marco do Plan de transporte metropolitano público de Galicia, a creación dunha autoridade única de transporte metropolitano, baixo a fórmula dun consorcio presidido polo Concello da Coruña, cuxa misión será a de planificar, coordinar e xestionar o servizo de transporte de viaxeiros na cidade e no conxunto da área metropolitana que se defina.

2º Por iniciativa da mesa de alcaldes e alcaldesas da área metropolitana da Coruña en coordinación cos concellos de Carballo, Cerceda e Laracha, a Xunta de Galicia incluírá esta previsión no Plan de transporte público de Galicia actualmente en tramitación, tano aos efectos de planificación, como de integración das liñas de transporte, como a propia consideración do Consorcio como autoridade única de transporte na área metropolitana que se delimita.

3º Integrar con posterioridade, a Autoridade Única de Transporte Metropolitana na estrutura da futura área metropolitana da Coruña, unha vez se inicie a súa conformación co proxecto de lei que no seu momento se remita ao Parlamento de Galicia, tal e como se sinalou no seu momento na Declaración de María Pita.

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/04/2018 13:32:30

Raúl Fernández Fernández na data 17/04/2018 13:32:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/04/2018 13:32:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2018 13:36
Nº Rexistro: 29491
Data envío: 17/04/2018 13:36:03.191



 **Grupo Parlamentario**

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/04/2018 13:33:02

María Luisa Pierres López na data 17/04/2018 13:33:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/04/2018 13:33:10

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.5 29958(10/PNC-002399)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego, a través de Portos de Galicia e tras o remate do período estival, dos proxectos correspondentes ao acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó, no concello de Poio, segundo os convenios asinados

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2ª., Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

No ano 2009, o Concello de Poio e Portos de Galicia chegaban a acordos para o acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó. En concreto, para a reordenación das zonas con tráfico rodado, permiso do tránsito peonil por toda a fronte marítima, dotación de zonas de estacionamento delimitadas, rehabilitación de pavimentos, disposición de elementos de mobiliario urbano, e sinalización e dotación de todos os servizos necesarios para a infraestrutura. Ata a Xunta de Galicia chegou a orzamentar tales acordos para os exercicios 2009 a 2011.

Non obstante, en novembro de 2009, o propio Concello tiña que aprobar unha moción (cos votos en contra do PP) demandando o cumprimento dos convenios asinados. Dende entón, o Goberno e Portos de Galicia permanecen mudos, pese a que os proxectos ata contan coa autorización do Servicio Provincial de Costas do Estado, que xa permitiu facer un par de obras puntuais.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, a través de Portos de Galicia, poña en marcha, despois do período estival, os proxectos correspondentes aos Portos de Covelo e Raxó (no Concello de Poio), de



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2018 17:55
Nº Rexistro: 29958
Data envío: 24/04/2018 17:55:06.717



Grupo Parlamentario

acordo cos convenios asinados, sempre fóra de época estival por se tratar dunha zona eminentemente turística.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Julio Torrado Quintela
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/04/2018 17:51:54

María Dolores Toja Suárez na data 24/04/2018 17:52:02

Julio Torrado Quintela na data 24/04/2018 17:52:16

Raúl Fernández Fernández na data 24/04/2018 17:52:22

María Luisa Pierres López na data 24/04/2018 17:52:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/04/2018 17:52:33

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.6 30709(10/PNC-002467)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 8 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Vigo en relación coa humanización da avenida de Castrelos, no treito inicial da estrada PO-330, ou, se é o caso, a actuación que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, 305, 16.05.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30709
Data envío: 08/05/2018 18:32:56.905

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Marián García Míguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos

En liña co que veñen defendendo os veciños da zona, desde este grupo parlamentario consideramos necesaria unha actuación de humanización da Avenida Castrelos no treito inicial da PO-330 en Vigo.

Cómpre lembrar que na marxe esquerda da PO-330 neste treito os edificios foron retranqueándose, cedendo ao Concello de Vigo o espazo entre a estrada e as súas fachadas, pero aínda queda algunha parcela sen retranquear.

Polo tanto, sen ter en conta a calzada, recentemente acondicionada pola Xunta de Galicia, a maior parte da superficie na que é necesario actuar para levar a cabo a humanización que demandan os veciños é de titularidade municipal.

Para acometer esta humanización é necesario que o Concello de Vigo realice as xestións necesarias para obter os terreos ao longo de toda a lonxitude do treito, xa que a Xunta de Galicia ten reservada unha partida específica nos orzamentos para o ano 2018 para levar a cabo as ditas actuacións de humanización.

Polas últimas noticias que teñen trasladado os veciños, o Concello manifestoulles que tiña solicitado a cesión de titularidade do treito á Xunta de Galicia para actuar pola súa conta, pero non se tivo aínda constancia de ningunha tramitación administrativa ao respecto.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30709
Data envío: 08/05/2018 18:32:56.905

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- a) Dirixirse novamente ao Concello de Vigo para:
 1. Que realice as xestións necesarias para obter os terreos municipais que permitan a humanización da Avenida de Castrelos no treito inicial da PO-330.
 2. Que aclare que procedemento pensa seguir para materializar a actuación.
- b) No caso de que a actuación non sexa desenvolvida polo Concello de Vigo, que a Xunta de Galicia acometa a execución das obras unha vez o Concello poña os terreos a disposición”.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/05/2018 18:30:02

Teresa Egerique Mosquera na data 08/05/2018 18:30:12

Martín Fernández Prado na data 08/05/2018 18:30:20

Jaime Castiñeira Broz na data 08/05/2018 18:30:29

Jacobo Moreira Ferro na data 08/05/2018 18:30:35

Marta Novoa Iglesias na data 08/05/2018 18:30:43

María Julia Rodríguez Barreira na data 08/05/2018 18:30:51

Gonzalo Trenor López na data 08/05/2018 18:30:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30709
Data envío: 08/05/2018 18:32:56.905**

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 08/05/2018 18:31:07

María Ángeles García Míguez na data 08/05/2018 18:31:14

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.7 31007(10/PNC-002496)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reiteradas situacións de colapso que se veñen producindo na autoestrada AP-9, o custo que supoñen para as persoas usuarias e o rescate da concesión, así como a demanda que debe realizar ao Ministerio de Fomento respecto da suba das peaxes para o ano 2018

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 2.ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A estafa que supuxo (e segue a supoñer) o sistema de peaxes nas autoestradas non é só un problema para toda a cidadanía galega por verse obrigada a pagar cifras esaxeradamente altas para facer uso dun servizo público básico, senón porque a propia xestión da autoestrada remata por facerse de forma nefasta.

Ás últimas queixas manifestadas polo sector do transporte súmanse ás feitas polos alcaldes da contorna, que contan co apoio da Valedora do Pobo como xa contaban o ano anterior. As promesas de Fomento a este respecto, que virían a buscar unha normalización da situación, non rematan de materializarse e quedan en palabras.

O fin último da AP-9, que debería facilitar a viaxe ao longo de todo o litoral dende Ferrol ate a fronteira con Portugal, e que se amosa por isto como unha peza clave na vertebración territorial de Galicia, non só non está a conseguirse debido aos colapsos aos que se ve sometida a autoestrada de forma reiterada, senón que aínda por riba supón un custo altísimo para quen se atreve a circular por ela (46 euros ida e volta ao longo do seu percorrido).



Se a necesidade da peaxe na AP-9 xa levaba tempo sendo cuestionada por unha parte importante da poboación galega, agora que nin sequera cumpre a súa función, a cuestión vólvese aínda máis clara: non ten ningún sentido pagar por un servizo que non se está a prestar. Se viaxar pola AP-9 é máis lento que viaxar pola estrada ordinaria, e se a propia empresa concesionaria non avisa do estado da autoestrada antes da incorporación, entón non cabe ruborizarse á hora de falar directamente de estafa.

Isto xa non se trata só de un problema para o común dos cidadáns galegos, que se ven na decisión de ter que empregar estradas lentas ou pagar un enorme custo por algo que debería ser gratuito, senón que afecta tamén á competitividade das nosas empresas de transporte, que levan efectuadas reiteradas queixas polo enorme custo que lles supoñen tanto as peaxes como os colapsos que supoñen.

Existen regulacións en moitas outras partes do mundo que lle dan solución a este tipo de problemas. Unha posibilidade podería ser, mentres non se recupere a AP-9 integramente para a Administración Pública e se retiren as peaxes, aplicar o modelo arxentino: se a cola é de máis de 10 vehículos antes da peaxe, a peaxe terá que a levantar a barreira ate que pasen todos os vehículos paralizados.

Manter as peaxes da AP-9 xa é de por si unha decisión cuestionable, pero o que non ten sentido ningún é obrigar a poboación a pagalos en tramos que están en obras ou cando o servizo prometido non se está a prestar.

Por todo o exposto formulase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a :



1.- Iniciar os contactos necesarios con Fomento para poñerlle solución dunha vez ó problema dos atascos na AP-9.

2.- Buscar un acordo que obrigue á empresa concesionaria a avisar do estado da autoestrada antes de todas as incorporacións.

3.- Buscar un acordo que exima dos pagos a todos os vehículos que circulen pola autoestrada nos tramos que se atopen en obras.

4.- Buscar un acordo que exima dos pagos a todos os vehículos que circulen pola autoestrada mentres esta se atope colapsada.

5.- Demandar do Ministerio de Fomento as accións oportunas para imposibilitar a suba de peaxes na AP-9 para o 2018.

6.- Iniciar os trámites necesarios para acadar o rescate público da AP-9 coa realización previa dun estudo rigoroso dos costes da operación e os mecanismos de financiamento.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Marcos Cal Ogando na data 15/05/2018 18:02:21

Antón Sánchez García na data 15/05/2018 18:02:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 18:04
Nº Rexistro: 31007
Data envío: 15/05/2018 18:04:21.265